

COMO ACTUAR ANTE A SOSPEITA DE INFECCIÓN POR CORONAVIRUS

- As familias deberán realizar **diariamente** a “**Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19**” aos alumnos/as antes de saír cara o centro educativo.
Valoraranse os posibles síntomas compatibles coa Covid-19: febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto e diarrea), o que permitirá detectar precozmente a sospeita de ter infección por SARS-CoV-2.
- De **presentaren** calquera destes **síntomas**, o **alumno/a** e, no seu caso, os seus **irmáns/as**, **non** deberán **acudir ao centro educativo**, e terán que facer **illamento domiciliario** de forma obrigatoria durante o tempo indicado polo persoal sanitario. Asimesmo, de ser o caso, **tampouco** deberán acudir ao Centro **aqueles/as alumnos/as que compartan coche** co alumnado con sintomatoloxía de COVID-19 ata que sexa descartado o padecemento de dita enfermidade.
- A familia poñerase **inmediatamente en contacto co seu centro de saúde** para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa.
Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmaren o caso.
- A familia ten a obriga de **comunicarllo ao Equipo COVID** do centro educativo no menor tempo posible, facilitando a información que se lle foi transmitida dende os servizos médicos.
- Se algún **membro da unidade familiar do neno/a** tivera **síntomas**, **ata que sexa descartado** o caso **por PCR**, o **alumno/a non acudirá ao centro educativo**.
- **Non asistirán ao centro** educativo aqueles **estudantes** que teñan **síntomas** compatibles coa COVID-19 **ata ter o resultado do diagnóstico**, así como aqueles/as aos que se lles indicase **illamento ou corentena**.
- Cando a **autoridade sanitaria** considere que o **alumno/a** pode **abandoar o illamento ou corentena**, este/a poderá volver ao centro educativo, previa presentación do **xustificante de alta** impartido polo persoal médico, que debe ser enviado **ao Equipo Covid do centro educativo**.
- As ausencias derivadas do illamento ou corentena terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de Prevención de Absentismo Escolar.

COVID-19
CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2
DUN ALUMNO/PERSONAL DOCENTE/PERSONAL NON DOCENTE/CONVIVENTES
FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

